

---

## CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	6
<i>Prácticas remuneradas</i>	6
<i>Emprego</i>	6
<i>Financiamento</i>	7
Participación dos cidadáns	9
<i>Iniciativas lexislativas</i>	9
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	9
Actos xurídicos	10
<i>Actos lexislativos</i>	10
<i>Outros actos</i>	10
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	11
Procesos por infracción contra España	15
Estatísticas do Eurostat	17
<i>Indicadores económicos</i>	17
<i>Outros datos</i>	17
Publicacións do Tribunal de Contas da UE	19
Sondaxes do Eurobarómetro	20
Suxestións bibliográficas	22
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	22
<i>Outras obras</i>	23

---

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido.

## ACTUALIDADE

### *Violencia no Oriente Medio*

A UE coordinou a súa primeira operación de evacuación médica directamente desde Gaza, trasladando a Romanía oito pacientes que precisaban de asistencia urxente, alén de 24 familiares que os acompañaban. Trátase da quinta operación no marco do Mecanismo de Protección Civil da UE, após a activación do mecanismo por parte da Organización Mundial da Saúde para evacuar a pacientes palestinos de Gaza a Europa. • A Comisión Europea anunciou unha axuda humanitaria adicional de 10 millóns de euros para axudar as persoas do Líbano afectadas pola escalada actual das hostilidades con Israel. Esta financiación de emerxencia ten por obxecto abordar as necesidades máis urxentes, como a axuda alimentaria, o aloxamento, a atención sanitaria e a protección. • A UE mobilizou todos os instrumentos de resposta de emerxencia á súa disposición para apoiar as persoas afectadas pola crise actual no Líbano. A UE puxo en marcha unha operación de ponte aérea humanitaria consistente en tres voos desde Dubai e Brindisi para o transporte de existencias propiedade da UE como artigos de hixiene, mantas e kits de refuxio e emerxencia. Alén diso, a través do Mecanismo de Protección Civil da UE, axuda de España, Eslovaquia, Polonia, Francia e Bélxica está a entregarse a Beirut, con axuda adicional de Grecia para o seu transporte. A Comisión financia os custos de transporte destas entregas e garante unha coordinación fluída.

Comunicado de prensa sobre a evacuación de pacientes [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Comunicado de prensa sobre a axuda humanitaria [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Comunicado de prensa sobre a ponte aérea co Beirut [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información sobre a ponte aérea [no EuroEFE-Euractiv](#).

### *Eleccións en Xeorxia*

Após as recentes eleccións parlamentarias en Xeorxia, tanto a oposición como a presidenta do país negáronse a recoñecer a vitoria do partido gobernante Soño Xeorxiano, cuxa posición política é próximo a Rusia. Entre tanto, a Comisión Europea exixiu investigar as «irregularidades» denunciadas polos observadores electorais, e lembrou que toda a lexislación que prexudique os dereitos e as liberdades fundamentais dos cidadáns xeorxianos debe ser derogada.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no The Guardian](#) (en inglés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

Opinión [no Le Monde](#) (en francés).

### *Sancións contra Rusia e Irán*

O Consello da UE aprobou un novo marco legal que permitirá sancionar os responsables de accións desestabilizadoras de Rusia no estranxeiro. A UE poderá así loitar contra unha serie de ameazas híbridas como a sabotaxe dos procesos electorais e o funcionamento das institucións democráticas, ou as ameazas e a sabotaxe de actividades económicas, servizos de interese público e

infraestruturas críticas. Tamén o uso de desinformación coordinada, a manipulación de información estranxeira e a interferencia, as actividades cibernéticas maliciosas e outras actividades desestabilizadoras. • O Consello da UE aprobou as súas primeiras sancións contra Irán por ter enviado mísiles balísticos a Rusia para que os utilizase na invasión da Ucraína, o que Teherán nega. Os ministros dos estados membros aprobaron medidas restritivas contra sete persoas e sete entidades iranianas.

Comunicado de prensa sobre as sancións contra Rusia [no sitio do Consello](#).

Máis información sobre as sancións contra Rusia [no EuroEFE-Euractiv](#).

Comunicado de prensa sobre as sancións contra Irán [no sitio do Consello](#).

Máis información sobre as sancións contra Irán [no EuroEFE-Euractiv](#).

### ***Taxas de xuros na eurozona***

O Consello de Goberno do Banco Central Europeo (BCE) decidiu baixar as tres taxas de xuros oficiais do BCE en 25 puntos básicos. A redución até 3,25 % da taxa de xuros aplicable á facilidade de depósito — taxa de xuros mediante a que o Consello de Goberno guía a orientación da política monetaria — é a terceira deste ano e baséase na avaliación actualizada das perspectivas de inflación, a dinámica da inflación subxacente e a intensidade da transmisión da política monetaria. O Consello de Goberno manifestou a súa determinación de asegurar que a inflación torne a situarse axiña no seu obxectivo de 2 % a medio prazo, e manterá as taxas de xuros oficiais en niveis suficientemente restritivos durante o tempo que for necesario para atinxir ese obxectivo.

Comunicado de prensa [no sitio do BCE](#).

Máis información [no The Guardian](#) (en inglés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

### ***Mecanismo de acordo de recompra da UE***

A Comisión puxo en marcha o mecanismo de acordo de recompra (Repo) da UE, unha forma de emisión a curto prazo de valores da UE dispoñibles á carta para os operadores primarios da UE, para seguir reforzando o papel dos bonos da UE e, en consecuencia, mellorar a eficiencia e a fluidez xerais do mercado de bonos da UE. Após o crecemento exponencial dos bonos da UE no mercado secundario nos últimos anos, a posta en marcha do mecanismo Repo tamén fará da Comisión un emisor de tipo soberano nos mercados de capitais da UE.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

### ***Tarifas aos vehículos eléctricos fabricados na China***

Após impor tarifas aduaneiras provisionais de 10 % á importación de vehículos eléctricos procedentes da China, a Comisión Europea aprobou unhas tarifas definitivas de até 35,3 %, as cales entraron en vigor após a súa publicación no Diario Oficial da UE. A Comisión Europea impuxo unha tarifa de 35,3 % ao fabricante chinés SAIC (MG e Maxus, entre outras marcas), de 18,8 % á Geely e de 17 % á BYD, durante un máximo de cinco anos. Ás empresas que cooperaron coa Comisión na investigación que levou a cabo antes de aprobar as tarifas impónselles unha taxa de 20,7 %. A medida tamén afectará as empresas occidentais que producen na China; a estadounidense Tesla, por exemplo, recibirá unha tarifa de 7,8 %. En resposta, a China presentou un recurso perante a OMC. Antes, o xigante asiático xa impuxera tarifas provisionais

ás importacións de *brandy* da UE. Pequín tamén está a considerar a posibilidade de impor tarifas aos automóviles de gasolina importados da UE.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no Euractiv](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

Máis información sobre o recurso da China [no Le Monde](#) (en francés) e [na Axencia EFE](#).

Máis información sobre as tarifas ao *brandy* no [The Guardian](#), [na BBC](#) (en inglés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

## **Regulamento de Ciberresiliencia**

O Consello da UE adoptou un novo regulamento sobre os requisitos de ciberseguranza para os produtos con elementos dixitais, cuxo albo é garantir que produtos como as cámaras domésticas, os frigoríficos, televisores e brinquedos conectados sexan seguros antes de seren introducidos no mercado. A nova norma ten o obxectivo cubrir as carencias do marco legislativo vixente en materia de ciberseguranza, esclarecer as ligazóns con esa lexislación e conseguir que sexa máis coherente, garantindo que os produtos con compoñentes dixitais, por exemplo os produtos do internet das cousas, sexan seguros ao longo da cadea de subministración e durante o seu ciclo de vida.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

## **Regulamento sobre o Ceo Único Europeo**

O Parlamento Europeo aprobou un regulamento destinado a mellorar a xestión do espazo aéreo europeo, o que redundará en menos atrasos, máis voos directos e voos máis limpos. A reforma das normas do Ceo Único Europeo, xa aprobada tamén polo Consello, reforza os planos estatais de rendemento para os servizos de navegación aérea e contribuirá a mellorar a xestión do espazo aéreo europeo. Estes planos incluírán obxectivos vinculantes e incentivos para que os voos sexan máis eficientes e respectuosos co ambiente.

Comunicado de prensa [no sitio do Parlamento](#).

## **Directiva sobre a calidade do ar**

O Consello da UE adoptou unha directiva por que se establecen normas actualizadas sobre a calidade do ar en toda a UE. A nova norma contribuirá ao obxectivo de «polución cero» que a UE fixou para 2050 o máis tardar e axudarán a previr mortes prematuras debidas á contaminación atmosférica. Os cidadáns afectados da UE poderán solicitar unha indemnización por danos á saúde nos casos en que non se respectaron as normas sobre calidade do ar da UE. Os estados membros dispón de dous anos para trasporren a nova directiva aos seus ordenamentos xurídicos.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

## **Directivas para as persoas con discapacidade**

O Consello adoptou dúas novas directivas que facilitarán as viaxes das persoas con discapacidade dentro da UE. A directiva por que se crea o cartón europeo de discapacidade e o cartón europeo de estacionamento para persoas con discapacidade garantirá a igualdade de acceso a condicións especiais ou o tratamento preferente ás persoas con discapacidade durante estadias curtas en toda a UE. Por exemplo, tarifas de entrada reducidas ou nulas, acceso prioritario, asistencia e lugares de estacionamento reservados. Alén diso, os ministros dos estados membros adoptaron unha di-

rectiva que amplía estas disposicións aos cidadáns extracomunitarios que residan legalmente en países da UE, o que significa que tamén poderán utilizar estes cartóns durante estadias breves noutros estados membros. As autoridades dos estados serán responsables de emitir cartóns europeos de discapacidade físicos e dixitais nun formato accesible. Os cartóns serán recoñecidos en toda a UE como proba de discapacidade ou do dereito a servizos específicos baseados nunha discapacidade. Os cartóns europeos de estacionamento para persoas con discapacidade produciranse en formato físico, e os estados membros terán a opción de emitilos tamén en formato dixital. Os estados membros dispón de dous anos e medio para trasporen as novas directivas aos seus ordenamentos xurídicos e tres anos e medio para as aplicaren.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello da UE](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

### ***Directiva para os traballadores de plataformas dixitais***

O Consello adoptou unha nova directiva destinada a mellorar as condicións laborais de máis de 28 millóns de persoas que traballan en plataformas dixitais en toda a UE. A Directiva sobre Traballo en Plataformas Dixitais dará maior transparencia ao emprego de algoritmos para a xestión dos recursos humanos, garantindo que os sistemas automatizados sexan supervisados por persoal cualificado e que os traballadores teñan dereito a impugnar as decisións automatizadas. Tamén axudará a determinar correctamente a situación laboral das persoas que traballan para plataformas dixitais, o que permitirá a esas persoas acollerse a todos os dereitos laborais que as asistan. Os estados membros establecerán nos seus ordenamentos xurídicos a presunción legal de existencia dunha relación laboral, que se materializará cando foren constatados determinados indicios de control e dirección.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

### ***Premio de Xornalismo Daphne Caruana Galizia***

Unha investigación sobre a desaparición de menores non acompañados sen papeis chegados a Europa gañou o Premio de Xornalismo Daphne Caruana Galizia 2024, concedido anualmente polo Parlamento Europeo. So o título «Lost in Europe», a investigación realizada por medios de comunicación de Alemaña, Italia, Grecia, os Países Baixos, Bélxica, Irlanda e o Reino Unido revelou que polo menos 51.433 menores non acompañados sen papeis desapareceron despois de chegaren a estados europeos entre 2021 e 2023.

Comunicado de prensa [no sitio do Parlamento Europeo](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

### ***Premio Sakharov***

Os líderes opositores venezolanos Edmundo González Urrutia e María Corina Machado obtiveron o premio Sakharov á liberdade de conciencia outorgado polo Parlamento Europeo. É a segunda vez que a oposición de Venezuela consegue o maior recoñecemento da UE en dereitos humanos. Así o decidiron os líderes dos grupos políticos da eurocámara nunha reunión en que se constatou unha maioría a favor da oposición venezolana.

Comunicado de prensa [no sitio do Parlamento Europeo](#).

Máis información [no \*Político\*](#) (en inglés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

### ***Proxectos innovadores de impacto cero***

A Comisión seleccionou 85 proxectos innovadores de cero emisións netas para recibir 4.800 millóns de euros en subvencións do Fondo de Innovación, o que contribúe a pór en práctica tecnoloxías limpas de vangarda en toda a UE. Por primeira vez, na convocatoria de propostas de 2023 adxudícanse proxectos de diferentes escalas (grandes, medianas e pequenas, xuntamente con proxectos piloto) e centrados na fabricación de tecnoloxías limpas. Esta é o maior convocatoria desde o inicio do Fondo de Innovación en 2020, aumentando o montante total da axuda a 12.000 millóns de euros e aumentando o número de proxectos en 70 %.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

### ***Relatorio sobre o estado dos solos***

Presentado no Foro de Partes Interesadas do Observatorio do Solo da UE, o [Relatorio de 2024 sobre o Estado dos Solos en Europa](#) avaliou o estado de degradación do solo nos estados membros da UE e noutros estados do Espazo Económico Europeo, incluíndo a Ucraína, Turquía e os Balcáns Occidentais. O relatorio mostra un estado e unhas tendencias alarmantes, cunha degradación do solo que empeorou moito nos últimos anos, e subliña a necesidade de tomar medidas inmediatas para inverter esta tendencia.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión Europea](#) (en inglés).

### ***Relatorio sobre a calidade das augas***

O estado das augas na UE non mellorou no último lustro e está lonxe de cumprir os obxectivos marcados pola norma comunitaria para 2027, advertiu a Axencia Europea do Ambiente no seu [Relatorio sobre o Estado das Augas](#) na UE. O documento revela que a polución, a degradación dos hábitats, a sobreexplotación dos recursos acuíferos e os impactos das alteracións climáticas comportan unha presión continua, e apunta á necesidade de mellorar a resiliencia hídrica a través dunha mellor xestión da auga. Unicamente 37 % das masas de auga superficiais teñen un estado ecolóxico bo ou alto, en canto 29 % presentan un bo estado químico, segundo datos do período 2015-2021, moi similares aos do anterior relatorio, que cubría os anos entre 2010 e 2015.

Máis información [no The Guardian](#) (en inglés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

## OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

### Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, [a través de Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (*Joint Research Centre, JRC*). Varios prazos.
- [Parlamento Europeo](#). Prazo até 31 de outubro.
- [Tribunal de Contas da UE](#). Prazo até 30 de novembro.
- [Banco Central Europeo](#). Varios prazos.

### Emprego

- [Procesos de selección da EPSO para contratos temporais na Comisión](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para contratos temporais en diferentes institucións e organismos da UE](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para contratos temporais en axencias da UE](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para outros contratos](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión](#) (*Joint Research Centre, JRC*). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#) (sección *Job vacancies*, en inglés). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión](#) (*Joint Research Centre, JRC*) (en inglés). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess](#) (en inglés). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.

## Financiamento

### *Investigación e innovación*

- [6G-PATH Open Call #1](#). Prazo até 21 de novembro.
- [5.ª convocatoria aberta NGI Sargasso](#). Prazo até 21 de novembro.
- [Materias Primas EIT](#). Prazo até 29 de novembro.
- [Capacidades robóticas en sectores chave](#). Prazo até 3 de decembro.
- [Seguranza alimentaria UE-Unión Áfricana](#). Prazo até 6 de decembro.
- [IMAGINE-B5G](#). Prazo até 6 de decembro.
- [Inno2Market](#). Prazo até 6 de decembro.
- [Atlas do Cerebro Humano](#). Prazo até 7 de decembro.
- [Seguranza alimentaria UE-Unión Africana: Alimentos fermentados](#). Prazo até 7 de decembro.
- [SPIRIT](#). Prazo até 19 de decembro.
- [Farmtopia](#). Prazo até 7 de xaneiro de 2025.
- [Bolsas de consolidación do Consello Europeo de Investigación](#). Prazo até 14 de xaneiro de 2025.
- [1.ª convocatoria aberta de ARISE](#). Prazo até 16 de xaneiro de 2025.
- [Asociación para o desenvolvemento da Tecnoloxía de Chip Cuántico](#). Prazo até 21 de xaneiro de 2025.

### *Cultura*

- [Desenvolvemento do marco europeo do audiovisual](#). Prazo até 5 de decembro.
- [Contidos televisivos e en liña](#). Prazo até 5 de decembro.
- [MEDIA 360°](#). Prazo até 9 de xaneiro de 2025.
- [Modelos de negocio innovadores no sector audiovisual](#). Prazo até 16 de xaneiro de 2025.
- [Difusión de obras literarias europeas](#). Prazo até 11 de febreiro de 2025.
- [Desenvolvemento de videoxogos e contidos inmersivos](#). Prazo até 12 de febreiro de 2025.
- [Alfabetización mediática. Medios de comunicación](#). Prazo até 6 de marzo de 2025.
- [Filmes en movemento](#). Prazo até 20 de marzo de 2025.
- [Desenvolvemento de audiencias e educación cinematográfica](#). Prazo até 27 de marzo de 2025.
- [Laboratorio de Innovación Creativa](#). Prazo até 24 de abril de 2025.
- [Formación no sector audiovisual](#). Prazo até 24 de abril de 2025.

### ***Empresas e comercio***

- Empresas de economía social. Prazo até 10 de decembro.
- Centro UE-Peme na China. Prazo até 15 de xaneiro de 2025.

### ***Mercado único e concorrência***

- Concurso de vídeo sobre a mellor historia empresarial de SILEO. Prazo até 13 de decembro.
- EUROCLUSTERS. Prazo até 5 de febreiro de 2025.

### ***Ambiente, enerxía e clima***

- Instrumento Europeo para as Ciudades. Prazo até 18 de decembro.
- Enerxías renovables transfronteirizas. Prazo até 16 de xaneiro de 2025.

### ***Política rexional e de cohesión***

- Información sobre a política de cohesión da UE 2024. Prazo até 7 de xaneiro de 2025.

### ***Política agraria común***

- Medidas de información relacionadas coa PAC. Prazo até 16 de xaneiro de 2025.

### ***Transportes***

- Accións mobilidade intelixente e interoperable. Prazo até 21 de xaneiro de 2025.
- Rede Principal de Transporte. Prazo até 21 de xaneiro de 2025.
- Mobilidade sustentable e multimodal. Prazo até 21 de xaneiro de 2025.
- Proxectos da Rede Global de Transporte. Prazo até 21 de xaneiro de 2025.

### ***Sociedade dixital***

- Pasarelas Dixitais Globais e 5G a grande escala. Prazo até 13 de febreiro de 2025.

### ***Asuntos marítimos e pesca***

- Proxectos rexionais de apoio á economía azul. Prazo até 18 de febreiro.

### ***Espazo de liberdade, seguranza e xustiza***

- Asociacións de Xornalistas. Prazo até 27 de febreiro de 2025.
- Mecanismo de Resposta Rápida para a Liberdade de Prensa. Prazo até 24 de abril de 2025.

## **PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS**

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

[Máis información](#) sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

### **Iniciativas legislativas**

- [ICE para unha Europa resiliente e intelixente na xestión da agua](#). Prazo até 23 de outubro de 2025.

### **Consultas públicas aos cidadáns**

#### ***Enerxía***

- [Taxas pagas á Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía \(ACER\)](#). Actualización. Prazo até 27 de novembro.

#### ***Espazo de liberdade, seguranza e xustiza***

- [Directiva sobre o tráfico de armas de fogo](#). Prazo até 24 de decembro.

## ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos considerados máis relevantes.

### Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2024/2739 da Comisión, de 17 de outubro de 2024, por que se establece o fechamento das pesqueiras de atún branco do Mediterráneo no mar Mediterráneo para os barcos que enarboran pavillón de España.

### Outros actos

- RELATORIO ANUAL DE 2023 DA COMISIÓN SOBRE A APLICACIÓN DOS PRINCIPIOS DE SUBSIDIARIEDADE E PROPORCIONALIDADE E SOBRE AS RELACIÓNS COS PARLAMENTOS ESTATAIS.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO sobre a primeira revisión periódica do funcionamento da decisión de adecuación relativa ao Marco de Privacidade de Datos UE-EUA.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Relatorio anual sobre as operacións de axuda humanitaria da UE financiadas en 2023.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Aplicación da Estratexia para a Igualdade das Persoas LGBTIQ 2020-2025.

## SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

### **Consumo**

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-399/22](#), resolveu, sobre a información facilitada ao consumidor, que a etiquetaxe dos melóns e os tomates collidos no Sahara Occidental debe mencionar este territorio, e non Marrocos, como país de orixe.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-438/23](#), resolveu, sobre a etiquetaxe de alimentos, que non adoptaron unha denominación legal, os estados membros non poden prohibir a utilización de termos tradicionalmente asociados aos produtos de orixe animal para designar un produto que conteña proteínas vexetais.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-240/23](#), resolveu, sobre a etiquetaxe de produtos ecolóxicos, que un produto de alimentación importado dun país terceiro só pode levar o logotipo de produción ecolóxica da UE se respectar todas as exixencias do dereito da UE. Iso é así mesmo se as normas de produción do país terceiro son recoñecidas como equivalentes ás establecidas polo dereito da UE, podendo ese produto, no entanto, levar o logotipo de produción ecolóxica dese país terceiro.

[Resumo da sentenza.](#)

### **Relacións externas**

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-778/21 P](#) e [C-798/21 P](#), e [C-779/21 P](#) e [C-799/21 P](#), resolveu, sobre o Sahara occidental, que os acordos comerciais UE-Marrocos de 2019 en materia de pesca e de produtos agrícolas, aos cales o pobo do Sahara Occidental non prestou o seu consentimento, foron asinados vulnerando os principios de autodeterminación e do efecto relativo dos tratados. Con todo, a manifestación do consentimento dese pobo a un acordo que se aplique no territorio do Sahara Occidental non debe necesariamente ser explícita, senón que pode, con determinados requisitos, presumirse.

[Resumo da sentenza.](#)

Máis información [no \*Le Monde\*](#) (en francés) e [no \*EuroEFE-Euractiv\*](#).

### **Protección de datos persoais**

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-548/21](#), resolveu que o acceso da policía aos datos contidos nun teléfono móbil non está necesariamente limitado á loita contra a delincuencia grave. Non obstante, require a autorización previa dun órgano xurisdiccional ou dunha autoridade independente e debe ser proporcionado

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-21/23](#), resolveu que os estados membros poden dispor que os competidores do presunto infractor da norma en materia de protección de

datos persoais poidan impugnar xudicialmente esa infracción como práctica comercial desleal prohibida. A venda en liña de medicamentos reservados ás farmacias require o consentimento explícito do cliente canto ao tratamento dos seus datos, aínda que eses medicamentos non estean suxeitos a receita médica.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-446/21](#), resolveu que unha rede social en liña como o Facebook non pode utilizar, co fin de propoer publicidade específica, todos os datos persoais obtidos, sen limitación temporal e sen distinción en función da natureza deses datos. O feito de o Sr. Maximilian Schrems divulgar a súa orientación sexual durante unha mesa redonda aberta ao público non autoriza o operador dunha plataforma de rede social en liña a tratar outros datos relativos á súa orientación sexual obtidos, eventualmente, fóra desa plataforma, co fin de agregar e de analizar eses datos para lle ofrecer publicidade personalizada.

[Resumo da sentenza.](#)

### ***Libre circulación de persoas***

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-650/22](#), resolveu que algunhas das normas da FIFA en materia de transferencia internacional de xogadores profesionais son contrarias ao dereito da UE. Estas normas obstaculizan a libre circulación dos xogadores e restrinxen a concorrencia entre os clubs.

[Resumo da sentenza.](#)

### ***Transportes***

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-541/20](#) a [C-555/20](#), confirmou en liñas xerais a validez do Paquete de Mobilidade mais anula a obrigaón de que os vehículos regresen cada oito semanas ao centro de operacións da empresa de transporte, pois que o lexislador da UE non demostrou que dispuña de información suficiente para apreciar a proporcionalidade desa medida.

[Resumo da sentenza](#) (en inglés).

### ***Concorrencia***

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-240/22 P](#), confirmou a anulación, polo Tribunal Xeral, da decisión da Comisión en que se declarou un abuso de posición dominante por parte da Intel e se impuxo a esta unha multa de 1.060 millóns de euros.

[Resumo da sentenza.](#)

Máin información [no \*The Guardian\*](#) (en inglés) e [no \*EuroEFE-Euractiv\*](#).

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-581/22 P](#), confirmou a Decisión da Comisión Europea que prohibiu o proxecto de concentración entre Thyssenkrupp e Tata Steel. Dese modo, o Tribunal de Xustiza confirma a sentenza do Tribunal Xeral de 22 de xuño de 2022.

[Resumo da sentenza.](#)

### ***Cidadanía***

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-4/23](#), resolveu que a negativa dun estado membro a recoñecer a mudanza de nome e xénero adquirida legalmente noutro estado membro é contraria aos dereitos dos cidadáns da UE.

[Resumo da sentenza.](#)

### ***Fiscalidade***

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-585/22](#), resolveu, sobre a loita contra a fraude fiscal, que unha norma dun estado que limita a dedución dos xuros pagos por un empréstito intragrupo é compatible co dereito da UE.

[Resumo da sentenza.](#)

### ***Asilo, refuxio e inmigración***

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-608/22](#) e [C-609/22](#), resolveu que as medidas discriminatorias adoptadas contra as mulleres polo réxime dos talibán constitúen actos de persecución. Ao avaliar de maneira individual as peticións de asilo de mulleres de nacionalidade afgá, os estados membros poden limitarse a ter en conta o seu sexo e nacionalidade.

[Resumo da sentenza.](#)

Máis información [no The Guardian](#) (en inglés).

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-406/22](#), resolveu, sobre a política de asilo, que a designación dun país terceiro como país de orixe seguro debe comprender todo o seu territorio. O órgano xurisdiccional estatal que examina a legalidade dunha resolución administrativa que denega a concesión da protección internacional debe expor o incumprimento das normas do dereito da UE relativas á designación dun país terceiro como país de orixe segura.

[Resumo da sentenza.](#)

### ***Liberdade de expresión***

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-633/22](#), resolveu que a execución dunha sentenza que condena un xornalista e un editor de prensa ao pagamento dunha indemnización por danos e prexuízos debe ser denegada na medida en que vulnere a liberdade de prensa. Así acontece cando a indemnización é manifestamente desproporcionada e comporta o risco de disuadir á prensa no estado membro requirido de informar de asuntos de lexítimo interese xeral.

[Resumo da sentenza.](#)

### ***Propiedade intelectual***

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-227/23](#), resolveu que os estados membros están obrigados a protexer as obras de arte no territorio da UE, con independencia do país de orixe das obras e da nacionalidade do seu autor.

[Resumo da sentenza.](#)

### ***Liberdade de establecemento***

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-652/22](#), resolveu que os operadores económicos dun país terceiro que non celebre coa UE un acordo internacional en materia de contratación pública non poden invocar a igualdade de tratamento neste ámbito

[Resumo da sentenza.](#)

### ***Aproximación das lexislacións***

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-76/22](#), resolveu, sobre o reembolso anticipado dun crédito inmobiliario, que o consumidor pode recuperar unha parte da comisión ligada á concesión do crédito se non foi informado de que esa comisión non depende da duración do contrato. O mesmo acontece cando o consumidor pagase esa comisión mediante un pagamento único ao celebrar o contrato de crédito.

[Resumo da sentenza.](#)

### ***Propiedade intelectual e industrial***

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-159/23](#), resolveu que a Directiva sobre a protección xurídica dos programas de computador non permite ao titular desta protección prohibir que un terceiro comercialice un programa informático que se limita a modificar as variables almacenadas temporalmente na memoria local dunha consola de xogo.

[Resumo da sentenza.](#)

## PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

### *Enerxía*

A Comisión Europea decidiu abrir un procedemento de infracción contra España por non ter trasposto plenamente ao seu dereito as disposicións da Directiva revisada sobre enerxías renovables relativas á simplificación e aceleración dos procedementos de concesión de permisos ([Directiva 2023/2413](#) que modifica a [Directiva 2018/2001](#)). Por iso, a Comisión enviou unha carta de emprazamento a España, que dispón agora de dous meses para responder e emendar as deficiencias sinaladas pola Comisión. En ausencia dunha resposta satisfactoria, a Comisión podería decidir emitir un ditame motivado.

### *Contabilidade*

A Comisión Europea decidiu incoar un procedemento de infracción contra España por non ter notificar as súas medidas de transposición completa da Directiva sobre contabilidade ([Directiva 2013/34/UE](#)), a Directiva sobre transparencia ([Directiva 2004/109/CE](#)) e a Directiva sobre auditoría ([Directiva 2014/56/UE](#)), modificadas pola Directiva sobre información empresarial en materia de sustentabilidade ([Directiva \(UE\) 2022/2464](#)). Por iso, a Comisión enviou unha carta de emprazamento a España, que dispón agora de dous meses para responder e completar a súa transposición. En ausencia dunha resposta satisfactoria, a Comisión podería decidir emitir un ditame motivado.

### *Fiscalidade*

A Comisión Europea decidiu levar España [INFR(2024)0049] perante o Tribunal de Xustiza da UE por non notificar medidas de transposición ao seu dereito da [Directiva \(UE\) 2022/2523 do Consello](#), de 15 de decembro de 2022, relativa á garantía dun nivel mínimo global de imposición para os grupos de empresas multinacionais e os grupos nacionais de gran magnitude na UE («Directiva sobre o Piar Dous»). Pode obterse máis información a este respecto no [comunicado de prensa correspondente](#).

### *Recoñecemento de documentos*

A Comisión Europea decidiu levar España [INFR(2022)2042]; [INFR(2022)0216] perante o Tribunal de Xustiza da UE por non traspor a [Directiva \(UE\) 2017/2397](#), relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais na navegación interior, nin a [Directiva \(UE\) 2021/1233](#), por que se modifica a [Directiva \(UE\) 2017/2397](#) no que di respecto ás medidas transitorias para o recoñecemento dos certificados de terceiros países. Pode obterse máis información a este respecto no [comunicado de prensa correspondente](#).

### *Conciliación*

A Comisión Europea decidiu incoar un procedemento de infracción contra España por non ter trasposto plenamente ao seu dereito a disposición relativa ao pagamento da prestación correspondente ás dúas últimas semanas do permiso parental, tal e como o exige a [Directiva 2019/1158 sobre conciliación da vida familiar e a vida profesional](#). Por iso, a Comisión enviou unha carta de emprazamento a España, que dispón agora de dous meses para responder e emendar as deficien-

cias sinaladas pola Comisión. En ausencia dunha resposta satisfactoria, a Comisión podería decidir emitir un ditame motivado.

### ***Contratos no sector público***

A Comisión Europea decidiu enviar unha carta de emprazamento complementaria a España [INFR(2014)4334] por non brindar unha protección suficiente contra o uso abusivo de contratos sucesivos de duración determinada aos traballadores do sector público. España dispón agora de dous meses para responder e emendar as deficiencias sinaladas pola Comisión. En ausencia dunha resposta satisfactoria, a Comisión podería decidir emitir un ditame motivado.

## ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

### Indicadores económicos

- Producción na construción.
- Inflación anual na eurozona.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Producción industrial.
- Producción nos servizos.
- Volume do comercio retalista.
- Taxa de aforro das familias na eurozona.
- Superávit en conta corrente da UE.
- Prezos da produción industrial.
- Prezos da vivenda na eurozona.
- Desemprego na eurozona.

### Outros datos

- Transmisión interxeneracional de desvantaxes sociais.
- Activos públicos en moeda e depósitos.
- Peticións de asilo.
- Pernoitas de turistas estranxeiros por rexión.
- Recuperación de residuos.
- Estatísticas chave.
- Estatísticas da vida diaria.
- Viaxes turísticas.
- Lares atestados.
- Risco de pobreza e exclusión social.
- Comercio extracomunitario de produtos enerxéticos.
- Condicións de vida.
- Dificultades coa vivenda e o aluguer.

- Exportacións de materiais reciclables.
- Protección temporal.
- Metas de desenvolvemento sustentable: Cidades e comunidades sustentables.
- Volatilidade dos prezos dos combustibles para o transporte e lubricantes.
- Consumo de enerxía no transporte.
- Igualdade e non discriminación.
- Comercio de produtos de alta tecnoloxía.
- Pernoitas reservadas a través de plataformas en liña
- Prezos da vivenda e aluguer.
- Estudantes de idiomas.
- Importación e consumo de café.
- Exportacións de servizos.
- Devolucións a terceiros estados.
- Idade de abandono do domicilio parental.
- Melloramento da eficiencia enerxética na vivenda.
- Desperdicio de alimentos.
- Pernoitas turísticas.
- Prezos agrícolas.
- Estatísticas das rexións.
- Incidencia do mesotelioma.
- Who can expect the most healthy life years?
- Anos de vida saudable.
- Mercadorías transportadas por mar.

## **PUBLICACIÓNS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE**

- Ditame 02/2024.
- 2023 - Resumo da auditoría da UE.
- Relatorios anuais relativos ao exercicio 2023.
- Relatorio anual sobre as axencias da UE correspondente ao exercicio 2023.
- Relatorio Especial 15/2024: Adaptación ás alteracións climáticas na UE.
- Relatorio Especial 18/2024: Axuda financeira da UE aos sistemas de saúde en países parceiros seleccionados.
- Relatorio Especial 20/2024: Planos da política agrícola común.
- Relatorio Especial 21/2024: Axuda estatal en tempos de crise.
- Relatorio Especial 22/2024: Duplo financiamento ao abrigo do orzamento da UE.

## SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

### *Sensibilización e preparación da poboación da UE perante os riscos de catástrofes*

Este inquérito avalía a sensibilización dos cidadáns da UE sobre os riscos de catástrofes que poderían afectalos, a súa preparación para encarar diversos escenarios de risco de catástrofes e a confianza que depositan nunha serie de axentes en situacións de catástrofe. A sondaxe tamén explora a participación dos cidadáns da UE no traballo voluntario para aumentar a resiliencia perante as catástrofes.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

### *Inquérito postelectoral da UE 2024*

O Eurobarómetro postelectoral de 2024 do Parlamento Europeo analiza o comportamento electoral dos cidadáns nas recentes eleccións europeas, os principais factores que inflúen nas súas decisións de voto e as súas actitudes en relación á UE e ao Parlamento Europeo.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Comunicado de prensa [no sitio do Parlamento Europeo](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

### *Actitudes dos cidadáns en relación ao espazo Schengen*

55 % das persoas consultadas afirma ouvir falar do espazo Schengen e sabe o que é, en canto 24 % afirma ouvir falar do espazo Schengen mais non está seguro do que é. 63 % pensa que a UE debería priorizar o reforzo da cooperación dentro do espazo Schengen para fortalecelo de aquí a 2030. 50 % coñece as medidas que todos os estados dentro do espazo Schengen deben implementar para a protección das fronteiras externas de Schengen, por exemplo, controis fronteirizos, vixilancia fronteiriza, intercambio constante de información entre os estados Schengen. 64 % dos cidadáns pensa que estas medidas son efectivas para xestionar as fronteiras externas de Schengen.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

### *Actitudes das empresas en relación ao espazo Schengen*

68 % das empresas da UE27 afirman ouvir falar do espazo Schengen e saben o que é. 83 % das empresas da UE27 coinciden en que o espazo Schengen é bo para os negocios no seu estado. Ao mesmo tempo, 81 % coincide en que o espazo Schengen é unha das principais consecucións da UE e sete de cada dez empresas da UE27 coinciden en que o espazo Schengen ten máis vantaxes que desvantaxes para os seus negocios. Un terzo das empresas de toda a UE responden que estar situadas no espazo Schengen reduce os custos debido á ausencia de controis fronteirizos internos.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

### *Xustiza, dereitos e valores*

Esta sondaxe pretende ofrecer unha visión global da percepción dos cidadáns da UE sobre os valores que promoven os programas de financiamento da UE relacionados cos dereitos e os valores (o programa Cidadáns, Igualdade, Dereitos e Valores e o programa Xustiza) e o seu coñecemento

dos diferentes instrumentos utilizados para promover e protexer os dereitos e os valores. Máis de metade das persoas consultadas (53 %) séntese ben informada sobre o estado de dereito no seu propio estado, en canto case tres de cada dez séntense ben informadas sobre o estado de dereito noutros estados da UE.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

### ***Peme, eficiencia no uso dos recursos e mercados verdes***

A Comisión publicou o Eurobarómetro 2024 sobre peme, eficiencia no uso dos recursos e mercados verdes. O inquérito contribuirá aos esforzos da Comisión por axudar as peme a seren máis ecolóxicas e fomentar a súa competitividade a longo prazo.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

## SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

### Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Iglesias Sánchez, Sara. 2023. *La independencia judicial ante el Tribunal de Justicia de la UE: Vías procesales, estándar de control y perspectivas de futuro*. Cizur Menor: Aranzadi.

Desde que o Asunto da Asociación dos Xuíces Portugueses fose pronunciado en 2018, a independencia xudicial instalouse no foco da xurisprudencia do TXUE. Aínda que esa xurisprudencia se iniciase debido aos particulares desenvolvementos sufridos nalgúns dos estados membros da UE no contexto da chamada «crise do estado de dereito», hoxe esa xurisprudencia non se acha de ningún modo circunscrita á referida situación de crise. A cuestión da independencia xudicial e o seu exame por parte do TXUE está sometida a unha enorme tensión: por un lado trátase dun aspecto da organización constitucional dos estados membros na que a UE non dispón de competencia. Por outro, trátase dunha cuestión existencial para a supervivencia da UE, presuposto indispensable para o funcionamento do seu sistema xurídico que repousa na premisa da Unión de dereito e a súa protección xurisdiccional (argumentos que fundamentaron que o TXUE recoñecese a súa competencia na materia). Esta obra pretende sistematizar a xurisprudencia sobre independencia xudicial no TXUE no últimos anos co obxecto de esclarecer as súas implicacións prácticas, tamén no que respecta ás propias xurisdicións da UE.

Cuenca García, Eduardo, e Margarita Navarro Pabsdorf. 2024. *Lecciones de economía de la Unión Europea*. 2.<sup>a</sup> edición. Madrid: Ediciones Pirámide.

O libro presenta, dunha forma pedagóxica, unha versión actualizada dalgunha das políticas de maior relevo económico no esquema de integración da UE. Nesta edición actualiza o seu contido á mudanzas internas de grande envergadura como a saída do Reino Unido da UE, a aprobación da nova política agrícola común e do novo marco financeiro plurianual, os efectos da crise da COVID-19 e a aprobación do programa «NextGenerationEU». Finalmente, a política externa da UE experimentou variacións relevantes e en diferentes fronteas. Así, a guerra da Ucraína marcará un antes e un despois no proxecto comunitario no cal a defensa e a seguranza adquiren máis protagonismo. Tamén son importantes as futuras ampliacións, a inmigración e a política de asilo, a de concorrencia e a cooperación ao desenvolvemento requiren outras abordaxes máis atentas á realidade. Na política comercial hai que destacar os recentes acordos co Xapón, o Canadá, Chile, Vietnam, México, o Mercosur, Australia e Nova Zelandia. De todos estes asuntos se ocupa a nova edición desta obra.

Nogueira Guastavino, Magdalena, Olga Fotinopoulou Basurko, e José María Miranda Boto, eds. 2024. *Lecciones de derecho social de la Unión Europea*. 2.<sup>a</sup> edición. Valencia: Tirant lo Blanch.

Os últimos anos foron moi fértiles canto á aplicación do dereito comunitario polo TXUE, cuxa xurisprudencia introduciu novidades importantes, acollidas algunhas en reformas legislativas do ordenamento dos estados e todas, obrigatoriamente, na xurisprudencia interna. Cuestións tales como o concepto comunitario de traballador e empregador, a igualdade e a non discriminación, o despedimento colectivo, a tutela xudicial efectiva, a contratación temporal, a Seguranza Social, o desprazamento de traballadores, o diálogo social, a discapacidade e a contratación pública, alén de tantas outras de igual importancia, foron obxecto de decisión por parte dos xuíces do TXUE. A nova edición desta obra lembra que é imprescindible o coñecemento da xurisprudencia do TXUE para exercer calquera función (de docencia, investigación, defensa, administración, xurisdición, negociación colectiva, diálogo e concertación social, lexislación) no ámbito do dereito do traballo e da seguranza e protección social.

## Outras obras

Poulle, Jean-Baptiste, Arut Kannan, Nicolas Spitz, Sandra Kahn, e Anastasia Sotiropoulou. 2024. *EU Banking and Financial Regulation*. Cheltenham: Edward Elgar Publishing.

Esta obra presenta unha visión xeral completa e sistemática das principais directivas e regulamentos que rexen actualmente os sectores bancario e financeiro da UE. Ofrece unha descrición das principais normas da UE, abordando non só as diversas lexislacións bancarias e financeiras relacionadas cos supervisores, os bancos e os mercados financeiros da UE, senón tamén cuestións máis periféricas, como a loita contra o branqueamento de diñeiro, á vez que fai referencia á xurisprudencia relevante.

Julia Burchett. 2024. *L'Union Européenne et la lutte contre la radicalisation terroriste*. Bruxelas: Bruylant.

Se a radicalización non é un fenómeno novo, o termo «radicalización» experimentou un éxito considerable entre 2013 e 2014 nun contexto marcado por unha onda sen precedentes de partidas de cidadáns da UE ás zonas de conflito en Iraq e Siria. A aparición do tema da «radicalización» como un novo ángulo de análise do proceso de participación na violencia terrorista colocou no centro do debate cuestións sobre as causas e os mecanismos: por que unha parte da mocidade da UE chega a adherirse ao terrorismo até o punto de caer en accións violentas?, como podemos previr este fenómeno? Estas preocupacións deron lugar a un rápido entusiasmo político e xurídico tanto a nivel comunitario como nos ordenamentos xurídicos estatais máis afectados. Esta obra tenta lanzar luz xurídica sobre a loita contra a radicalización, o seu xurdimento como novo grande eixo na prevención do terrorismo e os seus desafíos no dereito comunitario.

Brulle, Robert J., J. Timmons Roberts, e Miranda C. Spencer, eds. 2024. *Climate Obstruction across Europe*. Oxford: Oxford University Press.

<https://doi.org/10.1093/oso/9780197762042.001.0001>.

Comprender a obstrución climática é fundamental para promover unha acción eficaz sobre o tema. A partir do final da década de 1980, unha ampla gama de axentes, incluíndo empresas e asociacións comerciais, en coordinación con centros de estudos conservadores, fundacións e empresas de relacións públicas, emprenderon un esforzo a longo prazo para se oporen ás accións que pretendían mitigar as emisións de carbono responsables das alteracións climáticas. Moitas descricións deste esforzo céntranse nos EUA; esta obra documenta por primeira vez o desenvolvemento e a natureza destas actividades en todo o continente europeo e no Reino Unido. Equipos de especialistas examinan estudos de caso de once estados e a UE. Cada equipo documenta o desenvolvemento histórico da obstrución climática nun estado, as principais organizacións implicadas nestes esforzos, as estratexias e tácticas utilizadas e a natureza dos argumentos esgrimidos para frear ou deter a acción climática. Sinalando as diferenzas significativas entre os estados, o libro conclúe con dez leccións sobre a obstrución climática en Europa que xorden dos estudos.